



**ÉRGUETE  
BAIXO MIÑO**

Asociación de Prevención  
das Condutas Aditivas,  
Educación e Promoción da Saúde

---

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN  
ÉRGUETE BAIXO MIÑO  
DE PREVENCIÓN DAS CONDUCTAS ADITIVAS  
E DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE**

---

**Contidos**

Capítulo I da Asociación en xeral

Capítulo II dos socios

Capítulo III dos órganos da Asociación

Capítulo IV do réxime económico

Capítulo V do regulamento de réxime interno

Capítulo VI da modificación dos estatutos e disolución da Asociación

## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ÉRGUETE BAIXO MIÑO DE PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADITIVAS E DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE

### CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º.-** Constitúese no Concello de A Guarda unha Asociación sen ánimo de lucro que se denomina “ASOCIACIÓN ÉRGUETE DE PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADITIVAS E DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE NO BAIXO MIÑO”. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.-** Son fins principais da Asociación:

- a.- A consecución de maiores recursos e máis axeitados para a prevención, asistencia e incorporación social (acceso ó mercado laboral) das persoas que sofren *algunha adición, as que sufriron algunha adición* ou colectivos en desvantaxe social.
- b.- Fomentar unha vida máis saudable: minimizar os factores de risco e maximizar os factores de protección.
- c.- Informar, asesorar, apoiar e facilitar todo os medios necesarios para afrontar a problemática das *condutas aditivas* atendendo a toda a poboación xeral, especialmente á mocidade, afectados directa ou indirectamente polas *sustancias aditivas*.
- d.- Xerar medidas de carácter educativo, sanitario, cultural e social con criterios de igualdade, dignidade e identidade para a toda a poboación e especificamente para os colectivos con problemáticas adversas: persoas que sofren *algunha adición* e persoas *que sufriron algunha adición*, afectados polo V.I.H./sida, discapacitados, mulleres, familias, mozos, inmigrantes, infancia, transeúntes, reclusos ou exreclusos, enfermos crónicos, persoas maiores e soas.
- e.- A formación continua nas temáticas relacionadas coa saúde en xeral e coas condutas aditivas, en particular para todo os membros da Asociación, así como a realización de actividades formativas e/ou con fins pedagóxicos para a comunidade en xeral e para os colectivos diana (axentes socializadores): profesorado, mulleres, mocidade, sector empresarial.
- f.- A realización de todas aquelas medidas legais de presión e a defensa dos dereitos das persoas que sofren *algunha adición* e/ou colectivos en desvantaxe social.

**Artigo 3º.-** Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar as seguintes actividades:

- a.- Programas de Prevención no ámbito: *escolar, familiar, mocidade, redución de danos, xénero, laboral e comunitario (incidindo na infancia e a xuventude)*.
- b.- Programas de Incorporación Social: cursos formativos, atención social, obradoiros prelaborais.
- c.- Programas de Redución do Dano: P.I.X.(punto de intercambio de xiringas), P.F.P. (*punto de facilitación de profilácticos*), ou distribución alimentos.



- d.- Actividades formativas e de lecer para colectivos específicos: mocidade, menores, mulleres.
- e.- Campañas Informativas e de Sensibilización sobre temas relacionados coa Promoción da Saúde a nivel comunitario.
- f.- Programa de Información e Asesoramento Individualizado sobre a Saúde Global.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase aos devanditos fins, polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as aportacións efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

**Artigo 4º.-** O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de A Guarda, rúa de Colón, nº 20 C.P. 36780 teléfono 986 61 44 07, correo electrónico info@erguete.org

**Artigo 5º.-** A Asociación en funcións dos seus fins e da localización do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comarca do Baixo Miño abarcando os Concellos de A Guarda, Tomiño, O Rosal e Oia.

**Artigo 6º.-**

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## **CAPÍTULO II DOS SOCIOS**

**Artigo 7º.-** Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas ou xurídicas, maiores de idade, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica.

**Artigo 8º.-** Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

**Artigo 9º.-** Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos fins.



4. Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Suxerir aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación todos os anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 10º.-** Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisfacer as cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

**Artigo 11º.-** Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida.

**Artigo 12º.-** A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.
5. Por acordo maioritario da Asemblea extraordinaria convocada a tal fin.

**Artigo 13º.-** A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase apelar ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ao aboamento previo de todas as cotas que teña pendentes.

**Artigo 14º.-** Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.



### CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

**Artigo 15º.-** A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

**Artigo 16º.-** O/a Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O/a Presidente/a será designado/a pola Asemblea Xeral Extraordinaria entre os/as socios/as e o seu mandato durará 4 anos.<sup>1</sup>

**Artigo 17º.-** A Xunta Directiva estará formada necesariamente polos seguintes cargos: unha Presidencia, unha Secretaría e unha Tesourería. A maiores, tamén poderán formar parte da Xunta Directiva unha vicepresidencia e cantos/as vogais se estimen necesarios/as. Tódolos cargos que compoñan a Xunta Directiva deberán recaer en asociados/as da Asociación.<sup>2</sup>

**Artigo 18º.-** Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione e sen que as cantidades percibidas por ese concepto poidan exceder dos límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para ser consideradas de dietas exceptuadas de gravame.

As persoas que ostenten cargos na Xunta Directiva poderán percibir retribucións por tarefas profesionais diferentes as propias do seu cargo na Xunta Directiva. A retribución se fixará en función dos parámetros normais de relación laboral dentro da entidade (convenio colectivo de aplicación, categoría profesional, retribución, xornada e demais característica de calquera relación laboral); en todo caso, deberán de carecer de interese económico nos resultados.

Elixiranse pola Asemblea Xeral Extraordinaria os cargos e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto se se trata de renuncia voluntaria.<sup>3</sup>

**Artigo 19º.-** É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior. Así mesmo procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea

<sup>1</sup> Artigo 16º- acordo de modificación tomado e aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/12/2021.

<sup>2</sup> Artigo 17º- acordo de modificación tomado e aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/12/2021.

<sup>3</sup> Artigo 18º- acordo de modificación tomado e aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/12/2021.



Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

**Artigo 20º.-** A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o/a Presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo/a Presidente/a, na súa ausencia polo *Secretario/a ou o/a Tesoureiro/a*, por esta orde, e a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do/a Presidente/a.

*O/A Secretario/a ou, no seu defecto o/a Tesoureiro/a, e a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade*, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

**Artigo 21º.-** Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recoller das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos/as seus/súas respectivos/as presidentes/as.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

**Artigo 22º.-** A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

**Artigo 23º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente/a, autorizado coas firmas dos/as solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 24º.-** A Asemblea Xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

**Artigo 25º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

**Artigo 26º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elixir os integrantes da Xunta Directiva.



3. Aprobar a federación con outras Asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

**Artigo 27º.-** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

**Artigo 28º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

**Artigo 29º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos os/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente se procederá por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a ler a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados todo os asuntos da orde do día se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do/a Presidente/a.

**Artigo 30º.-** Os acordos que vaian contra estes Estatutos, ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos ante a Asemblea Xeral, *sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.*

**Artigo 31º.-** O/a Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixilas deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.



- c) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- d) Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Firmar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por o/a Secretario/a ou, no seu defecto o/a Tesoureiro/a, e a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade, que ademais, substituíralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 32º.-** O/a Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo, notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do/a Presidente/a.

O/a Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

**Artigo 33º.-** O/a Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en todas as operacións de orde económico.

**Artigo 34º.-** Os Vogais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

#### **CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 35º.-** O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 36º.-** A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual.

**Artigo 37º.-** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.



**Artigo 38º.-** As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

**Artigo 39º.-** Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

**Artigo 40º.-** Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 41º.-** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, para a utilización conxunta deles.

**Artigo 42º.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

## CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

**Artigo 43º.-** O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

**Artigo 44º.-** Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou ¼ dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

**Artigo 45º.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable da maioría cualificada presente ou representada na Asemblea Xeral Extraordinaria de socios/as.<sup>4</sup>

**Artigo 46º.-** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

<sup>4</sup> Artigo 45º.- acordo de modificación tomado e aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/12/2021.



**Artigo 47º.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 48º.-** O patrimonio resultante de disolución destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que están dedicadas a fins de interese xeral e que sexan análogos aos da Asociación.<sup>5</sup>

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

---

### DILIXENCIA

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos da Asociación Érguete Baixo Miño (G36124279) quedan redactados conforme as modificacións aprobadas tras o acordo de modificación tomado na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 16 de decembro de 2021 coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.



---

<sup>5</sup> Artigo 45º- acordo de modificación tomado e aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/12/2021.

